acadar os obxectivos de cada trimestre, sen problema, sempre en total comunicación co Profesor, que lle marcará o traballo ou as explicacións que vexa que sexan convenintes. Por o feito de ter so unha hora semanal, priorisase o traballo na clase, a participacion oral interesada nas explicacións e actividades que nela se leven a cabo.

# 3. DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVES NOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

a. Comunicación Lingüística(CCL)

Desenvólvese tanto na expresión oral como na escrita, a través da linguaxe que conforma a cultura e tradición que se transmite dunha a outra xeración. Así o alumno:

i. Expresa oralmente e por escrito sentimentos e emocións na linguaxe da relixión.
ii. Interpreta e comprende diversos textos relixiosos cada un dende o seu xénero literario ou naturaleza específica.
iii. Pode facer esquemas conceptuais para organizar o coñecemento da realidade.

b. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia y tecnología(CMCCT)

Axuda a que o alumno relacione datos da biblia coa historia, contabilice cifras e use esta dísticas na análise da realidade.

i. Clasifica obxectos, feitos e ideas da relixión en conxuntos coherentes.
ii. Aplica o razoamento deductivo ás crenzas, condutas e consecuencias e o razoamento in ductivo partindo da observación da realidade, para formular principios relixiosos.
iii. Aplica o razoamento lóxico na formulación das preguntas e respostas sobre a relixión.

c. Competencia Dixital(CD)

As TIC úsanse para o tratamento da información, a súa obtención e selección crítica. As TIC facilitan o traballo tradicional e ofrecen novas aplicacións.

i. Utiliza as TIC para a comunicación da información e do coñecemento relixioso.
ii. Intercambia información e ideas relixiosas mediante a rede.6*9999
iii. Aplica criterios para a selección da información e utiliza os instrumentos necesarios para rexistrala.

d. Aprender a aprender(CAA)

O ensino da relixión contribúe fomentando a atención, memoria, experiencia, o impulso do tra ballo en equipo, a síntese da información e opinión. Fai aos alumnos protagonistas da súa propia aprendizaxe como resposta a vontade de Deus de que o ser humano colabore activa e libremente co plan divino.

i. Investiga de xeito persoal no ámbito da relixión, suscitando e formulando preguntas.
ii. Transforma a información relixiosa en coñecemento propio.
iii. Aplica coñecementos relixiosos a diferentes situacións e contextos.
iv. Atopa e usa canles para canalizar as capacidades persoais tanto na comunidade crente como no feito religioso na sociedade.

e. Competencias sociais e cívicas(CSC)

A relixión católica favorece o desenvolvimiento da virtudes cívicas para o ben común da sociedade. Educa a dimensión moral e social da persoa, favorecendo a corresponsabilidade, a solidariedade, a liberdade, a xustiza e a caridade.

i. Valora e respecta o principio democrático de liberdade rellixiosa e de conciencia.
ii. Aplica os principios da ética relixiosa á resolución de conflictos.
iii. Mostra un dialogo interrelixioso e ecuménico como medio de encontro entre culturas, inte gración das persoas, enriquecemento mutuo e construcción da paz mundial.
iv. Aprecia e respecta o principio democrático de laicidade.

f. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor(CSIEE)

Desenvólvese partindo do verdadeiro coñecemento de sí mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e o seu sentido. A formación relixiosa católica aporta unha cosmovisión que da sentido á vida, á cultura, e á identidade da persoa humana.

i. Planifica e participa en proxectos relacionados coa misión cristiá adaptando proxectos misioneiros a contextos e situacións propias dun centro educativo.
ii. Proxecta accions con outros compañeiros co fin de animar unha acción colectiva.
iii. Comprométese nas institucións e servizos ao seu nivel, desde a perspectiva da misión e responsabilidade dos crentes ante a vida pública.

g. Conciencia e expresións culturais(CCEC)

A relixión católica aporta á competencia cultural e artística o significado e valoración crítica de tantas obras da nota contorna, motivando o aprecio por a propia cultura galega e a estima adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas.

i. Coñece e aprecia o rico patrimonio artístico galego de inspiración relixiosa.
ii. Comprende as obras artísticas religiosas e expresa os seus elementos a través da creatividade, imaxinación e iniciativa.
iii. Crea expresión artística dende a propia percepción do relixioso.

Estas competencias a lograr ao longo da ensinanza e aprendizaxe do curso escolar, manténse neste curso afectado pola pandemia do COVID19. Pero, estarán sempre suxeitas á posibilidade real da conexión do alumno á Aula Virtual, é a comunicación fluída co Profesor, xa que no caso do traballo Semi-Presencial ou Non-Presencial, dependerá da conexión a Internet e ao servizo de wifi de que dispoña no seu entorno familiar concreto, na zona na que viva.

# 4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA: INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Referímonos a todos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaje da materia tendo en conta os diferentes elementos que constituen o currículo. Para esto fixámonos en 3 aspectos: a temporalización, os axentes que avalían e os parámetros que se utlizan para avaliar.

a) En canto á temporalización:
- Avaliación Ordinaria: Ao longo do curso realizaranse 3 avaliacións, unha por cada trimestre. A deste último coincidirá coa avaliación final ordinaria do mes de xuño.
- Avaliación Extraordinaria: Estará baseada nos graos mínimos de consecución que constan nesta programación.

b) En canto ós axentes:
- Avalía o docente e ademáis poderíase ter en conta a avaliación entre iguais.

c) En canto os parámetros: Van depender do estándar que se queira avaliar; agrupámolos en seis grandes bloques:

1. Asistencia a clase: é obrigatoria tanto na ESO, como en BAC, para superar a materia. Se o alumno cumpre, non hai problema ningún.

2. Traballo Persoal do alumno/a: Na aula, o alumno traballa tomando apuntamentos na súa libreta, ou nas fichas que se lle dan. Tamén participa lendo os textos a traballar, e seguindo as explicacións do profesor.

3. Participación na Aula: tense en conta as súas preguntas e respostas, suxerencias e inquietudes compartidas ao longo da clase, como colaboración e participación activa na clase.

4. Proba Escrita ou entrega por escrito dos puntos escollidos do Taller, que están ao final de cada tema. Dito Taller, poderáse evaluar de forma escrita ou oral, individual ou en grupo(parellas).
5. Traballo en Equipo: teráse en conta a disponibilidade, actitude e esforzo por levalo a cabo, cando este sexa proposto.
6. Ficheiro, carpeta, libreta persoal de clase: valoraráse que o alumno teña o material entregado por o profesor, a punto sempre para facilitar o inicio da clase dun xeito puntual. (Esto especialmente no caso de BAC, que recibirá fichas do profesor.)

Estes parámetros constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as aprendizaxes esperadas dos alumnos correspondentes aos procedementos de avaliación.

Cada un dos estándares marcados nos cadros correspondentes de 1º, 2º, 3ºe 4º ESO, e BAC, poden ser avaliados tendo en conta estes parámetros, que se contabilizarán ao final de cada Trimestre Académico deste xeito:

1. **Nun 40%**: os coñecementos adquiridos e debidamente demostrados mediante as entregas de traballos escritos na clase, ou enviados por mail ao profesor. Idealmente, se traballará esto na Aula, deixando que o alumno que non remate o poida facer na casa. Valoraráse o interés e o esforzo en facer ben o traballo de reflexión escrita e a súa entrega puntual.

2. **Nun 30%**: o comportamento e actitude: valoraráse do seguinte xeito:

- actitude persoal cara a sí mesmo/a e cara aos demáis **(10%)**

- actitude persoal cara ao estudo, o esforzo e o traballo **(10%)**

- actitude participativa nas actividades e explicacións propostas na clase e traballo en equipo cando este sexa proposto **(10%)**

**3. Nun 30%**:

- a libreta, carpeta ou fichas e material que se lle entregue, ordeado e completo e coidado **(15%)**

- o respecto polo material de traballo utilizado na clase, así como polo mobiliario e as dependencias do centro.**(15%)**

Así, a cualificación final da Avaliación de cada trimestre, será a suma destes porcentaxes dos criterios antes expostos, que terán en conta os estándares de aprendizaxes especificados antes.

Neste curso que continúa afectado pola pandemia do COVID19, estes instrumentos e procedementos de Avaliación manténse no caso do ensino Presencial. Pero no caso do ensino Semi-Presencial, entón vense condicionados polo traballo a través do ordenador. Deste xeito, buscaráse adecuar o que se evalúa, ao que o alumno teña colgado na Aula Virtual, donde terá que ler, entender, aproveitar os Recursos e facer a Actividade que se lle propoña, no caso da ESO. No caso de BAC, como eles terán o material dende o comezo do curso, poderáse traballar online sen dificultade e acordar con eles a forma de facer as entregas escritas que fagan falta. O traballo en xeral e na Aula Virtual, ten en conta a carga horaria da materia, coa idea de que o alumno aprenda e traballe, pero dentro dun equilibrio, xa que ten so 1 hora lectiva semanal de Relixión.

A parte da avaliación oral, poderáse levar a cabo a través de videochamada, ou webex ou google meet, no caso de que estas plataformas vaian bén na zona rural donde viven os alumnos, e a súa conexión a Internet.

## 5. MATERIAIS E RECURSOS DIDACTICOS A UTILIZAR

Cada alumno disporá dun caderno o carpeta con folios, no que irá recollendo os recursos didácticos. Usaranse:

- A pizarra dixital e o libro dixital.
- Fichas das carpetas de recursos do departamento.
- Documentos da Igrexa Católica(Encíclicas, Concilio Vaticano II,etc)
- Revistas, diarios, información do Terceiro Mundo.
- Bibliografía e Videoteca do Centro.
- Exposicions en paneis, murais.
- Recursos Ludico-relixiosos tanto en papel como na Rede.
- Presentacións en Powerpoint e noutros recursos online.
- Exercicios de Valores.

Neste curso escolar, estes materiais e recursos utilizaránse no caso do ensino Presencial. No caso do ensino Semi-Presencial e Non-Presencial, os recursos colgaránse na Aula Virtual, no caso de videos, documentais, textos escritos, etc. A maiores, poderáse utilizar o correo electrónico, o whatsapp, ou calquer outro medio para facilitarlle o estudo aos alumnos. As veces, pódense imprimir textos ou tarefas no cole, e o alumno ou a súa familia acércanse ao colexio para recollelos cando a conexión a Internet non funciona.

## 6. AVALIACION

### -Avaliación Inicial:

Realizaráse unha evaluación específica a principios de curso, na primeira semana de setembro, para diagnosticar a situación de partida do alumnado,para coñecer as competencias coas que chega o alumnado e detectar casos que precisen atención á diversidade.

Os contidos desa proba serán os afeitado aos contidos mínimos do curso anterior da ESO, agás no caso de 1ºESO, onde os contidos da proba estarán relacionados cos contidos de Relixión na Primaria.

### - Avaliación Continua:

Para este departamento, cada curso ten a súa materia dividida en catro bloques, cos seus correspondentes estándares de aprendizaxe. Estes teñen un porcentaxe asignado no peso cualificativo que suma un 100% por bloque. Este porcentaje que varía de bloque en bloque, tense en conta á hora de ponderar a nota final de cada avaliación.

A cualificación final, ao ser avaliación continua, ten en conta o proceso e o esforzo ao longo do ano, e obtense dos resultados da terceira e ultima avaliación.

A promoción do alumnado está determinada pola normativa e polos criterios acordados no centro.

## -Grao Mínimo de Consecución para superar a materia (1º ESO)

Para superar a materia de Relixión Católica de 1º ESO, o alumno terá que acadar os seguintes estándares:

1) Que o alumno identifique o cristianismo entre as ademas relixions …20%
2) Que o alumno recoñeza entre unha lista de persoaxes, os que pertenzen ao Antigo Testamento e os que pertencen ao Novo…20%
3) Que o alumno sintetice dun xeito sinxelo a figura de Xesús de Nazareth…20%
4) Que o alumno formule diferencias e semejanzas dos evanxeos sinópticos…20%
5) Que o alumno diferencie e saiba as características básicas dos sacramentos da nosa fé…20%

## -Grao Mínimo de Consecución para supercar a materia (2ª ESO)

Para supercar a materia de Relixión Católica de 2º ESO, o alumno terá que acadar os seguintes estándares:

1) Que o alumno recoñeza a dignidade do ser humano en relación cos outros seres vivos, E poda argumentala…25%
2) Que o alumno entenda e poda expresar por escrito que Deus revélase na historia e que ao longo do tempo, a Igrexa establece a Tradición, base do Maxisterio, como guía para que as persoas poidan estar dentro dos límites da Igrexa…25%
3) Que o alumno entenda e poida expresar que a relacionalidad trinitaria é a base para a importantísima experiencia comunitaria de fé da Igrexa Católica…25%
4) Que o alumno entenda e exprese con facilidade que os viaxes de San Pablo, lanzan a igrexa no camino da universalidade e apostolicidade, e que isto é o que lle confire o carácter de "Católica"…25%

## -Grao Mínimo de Consecución para superar a materia (3º ESO)

Para superar a materia de Relixión Católica de 3ºESO, o alumno terá que acadar os seguintes estándares mínimos:

1) Que o alumno recoñeza os distintos sentidos da vida propostos polas relixións mono teístas…25%
2) Que o alumno describa situacións onde o perdón é indispensable para vivir en paz … 25%
3) Que o alumno relate algunha experiencia na que o encontro con Xesús mellorou os comportamentos dunha persoa…25%
4) Que o alumno redacte brevemente a súa impresión sobre as persecucións que sufren os crentes na actualidade e as compare coas que sufrían os cristiáns dos primeiros sé culos…25%

## -Grao Mínimo de Consecución para superar a materia (4º ESO)

1) Que o alumno entenda e poda expresar que a búsqueda do sentido da vida, ten a súa máxima plenitud na revelación cristiá…25%
2) Que o alumno entenda e poda explicar a fidelidade de Deus na historia, con exemplos sinxelos…25%
3) Que o alumno poida diferenciar entre o Mesías sufrinte e o Mesías politico…25%
4) Que o alumno poida explicar a importancia que para Xesús tivo formar unha comunidade e ter deste xeito, unha misión...25%

## - Grao mínimo de Consecución para superar a materia (1 BAC)

1) Que o alumno identifique os diferentes humanismos e as súas características e o sentido da vida cristiá. (25%)
2) Que estude, analice e defina a relixiosidade popular, e os grupos sectarios e as propostas nos medios de comunicación.(25%)
3) Que o alumno identifique e comprenda a relación entre fé cristiá e o compromiso social. (25%)
4) Que o alumno comprenda e diferencie as respostas do sentido da vida do ateísmo e o gnisticismo e laicismo contrastando coa proposta de salvación e sentido da vida que ofrecen as diferentes relixións. (25%)

## - Grao mínimo de Consecución para superar a materia ( 2 BAC)

1) Que o alumno/a identifique as diferentes Doctrinas Sociais da Igrexa.(20%)
2) Que o alumno/a estude, analice e defina o concepto de persoa, e dignidade humana. (20%)
3) Que o alumno comprenda a relación fé-ciencia e técnica: desencontros e complementariedade. (20%)
4) Que o alumno identifique e comprenda os Dereitos Humanos, e teña moita claridade deles. (20%)
5) Que o alumno comprenda a simboloxía no arte relixioso. (20%)

## -Avaliación Extraodinaria:

No caso de que un alumno teña que facer unha proba destas, na ESO,ou en BAC, dita proba sería de pregunta aberta, e tería 6 preguntas, 2 referidas a cada avaliación, recollendo os puntos máis salientables de cada trimestre.

## -Avaliación de materias pendentes, recuperación e seguimento:

Se un alumno se atopase nesta situación,terá, nun momento axeitado, unha proba que constara de preguntas e cuestions referidas aos contidos mínimos correspondentes ó curso que non teña superado. Teránse en conta os criterios e instrumentos de avaliación de esta programación. Segundo o criterio do profesor, poderase sustituir a proba pola entrega dun traballo relacionado cos temas correspondentes.

No caso de que non aprobe terá un exame a final do curso.

Os materiais de reforzo para a materia pendente, serán os propios do nivel e curso no que es tivese matriculado o alumno. Poderanse establecer outros materiais de reforzo se se estima oportuno para acadar os obxectivos.

a) Se un alumno ten pendente a Relixión Católica do curso anterior e segue cursándoa, valoraráse no primeiro trimestre se o alumno vai acadando os contidos mínimos co rendemento no actual curso. Farase a valoración mediante unha proba escrita ou oralmente mediante preguntas,no desenvolvemento das clases habituais. Se non acada os obxectivos mínimos ao longo do curso, poderá optar por realizar unha proba de pendentes en setembro.
b) No caso de que o alumno non siga cursando a materia, realizará, coincidindo coa primeira avaliación unha proba de contidos mínimos. Se non a supera, tera outra proba a final do curso ou entrega de traballos relacionados cos temas correspondentes.
De todos os xeitos, os plans para a superacion serán os propios do nivel que lle quedou pendente. A avaliación terá carácter continuo sendo moi importante o interese que demostre.

**-Avaliación do proceso de Ensino e da Práctica Docente:**

Os procedementos para avaliar a programación, son de dous tipos:

a) Unha avaliación de progreso:
   1. Para ir axustando os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás suas necesidades e características e a realidade do centro.
   2. Valoraráse o axuste nas reunions de Departamento e nas avaliacións, e se resulta necesario, haberá que modificarlo durante o percorrer do curso.

b) Unha avaliación final:
   1. Prestarase moita atención aos alumnos que de cara a avaliación final queden coa relixión sen aprobar.
   2. Os erros detectados recolleranse na memoria final do curso para a elaboración da pro gramación do próximo curso.

# 7. PROGRAMAS ESPECIFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR

O alumno repetidor terá o mesmo programa e tratamento que calquera outro alumno do grupo habitual no que o alumno estea integrado. En caso de necesidade,porque o alumno tivese unha maior dificuldade, poñeriaselle un traballo a facer en clase, mais sinxelo.

# 8. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Seguiránse as medidas que marque o Plan de Atención á Diversidade do Centro, e en estreita relación co Departamento de Orientación do Centro e en sintonía cos profesores compañeiros de Pedagoxía Terapéutica.

E, sendo fieis a singularidade de cada alumno, trataremos de:

- Escoller en cada caso as actividades que vexamos axeitadas para un mesmo contido, diferenciando os prioritarios dos complementarios.
- Utilizar metodoloxias diversas empregando materiais didácticos adecuados en cada momento.
- En caso de ter grupos de traballo, aseguraremonos de que sempre cambien de alumnos.
- En caso de ter alumnos máis motivados, faranse actividades de ampliación.
- Para alumnos con dificultades, empregaranse actividades sinxelas e de reforzo que les presten o apoio que precisen.

# 9. ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARAN

-Comprensión Lectora e Expresión Oral e Escrita:

Tendo en conta o plan lector do centro,búscase practicar constantemente estes dous elementos tanto na lectura de textos bíblicos como de documentos en medios dixitais ou de papel. Dita comprensión buscará escoitar, dialogar, debater e expresar as diversas ideas e opinions ao longo das clases.

-Comunicación Audiovisual:

Utilizando os medios audiovisuais disponibles, intentar adquirir unha actitude crítica constructiva, sen ferir os sentimentos dos demais, pero buscando solucións analizando posturas e actitudes a favor de vivir en paz: diálogo, aceptación, respecto, perdón.

-Educación nas Tecnoloxias da comunicación e a información:

Tomar conciencia dos beneficios que nos achega a tecnoloxia, e valorar a responsabilidade que temos de buscar a realización da persoa, o benestar da sociedade e a colaboración na creación de novos avances científicos.

-Emprendemento:

Analizar a influencia que os medios económicos teñen sobre as persoas, e tomar unha postura crítica ao respecto que axude a favor dunha repartición equitativa dos bens da terra. Tra ballar a favor do consumo racional e equilibrado das cousas.

-Educación Cívica:

- Descobrir os valores que dende o evanxeo comprometen ao cristián a traballar no ben da sociedade a través de actitudes solidarias e comprometidas.
- Reflexionar ao respecto do grao de responsabilidade persoal ante a familia, a sociedade, o mundo e a creación.
- Descobrir os valores éticos que xorden das distintas relixións, e valoralos fazendo paralelis mo co cristianismo.
- Descobrir a maneira de colaborar xuntos coa sociedade e valorar o labor da Igrexa e outras institucións que colaboran desinteresadamente no ben dos demáis.
- Reflexionar e analizar as causas que provocan situación de marginación e de inxustiza so cial e chegar a sensibilizarse ante as necesidades e problemas dos demais.

-Prevención da Violencia:

- Interesarse por coñecer, respectar e apreciar os compañeiros e compañeiras independente mente do seu sexo e da súa apariencia.
- Analizar o grao de aceptación o rexeitamento que existe de cara ás persoas de distinto se xo, e buscar solucións ao respecto.
- Amosar unha actitude crítica ante situacións nas que se produza calquera tipo de discrimi nación por razón de sexo.
- Descubrir e rexeitar posturas extremas como as do machismo ou feminismo, e valorar aos demaís sen discriminalos.

## 10. ACCION DE CONTRIBUCION AO PROXECTO LECTOR DO CENTRO

A materia de Relixión Católica participará activamente no Plan Lector do Centro, coa dinamo ca que se estableza para o curso 2021-2022, así como nas actividades propostas polo equipo da Biblioteca.

De non coincidir o horario do Plan Lector con algunha clase de esta materia, adicarase en cada grupo o tempo que faga falta na lectura de textos para que os alumnos acaden gusto pola lectura e atopen entretenimiento intelectual e formativo.

Poderanse levar a cabo as seguintes accións:

- Lectura en voz alta de unha parte de calquera unidade que corresponda explicar.
- Exercicios e prácticas de comprensión lectora da biblia, lectura de biografías de persona xes fundamentais do cristianismo, e da humanidade, lecturas de Encíclicas, lectura dunha selección de temas de actualidade, e todo isto con preguntas sobre o lido, extracción da i dea principal, realización de exposicións escritas do tema traballado, resumos, esquemas, utilización de periódicos, enciclopedias, etc.
- Lectura e exposición de ideas e opinións persoais así como interpretación de murais e traba llos realizados polos alumnos que contribuen ao desenvolvemento da expresión escrita e o ral.
- Os exemplares da Biblia e outros libros que se utilicen nas clases serán do Departamento de Relixión, ou da Biblioteca do Centro,polo que non é necesario que os alumnos os merquen.

Neste curso, no caso de ter que traballar de xeito Semi-presencial ou Non-presencial, faríamos uso do ordenador para a través del, permitirlle ao alumno o acceso a textos, documentos que poida ler, e despois debatir ou hablar e explicar co Profesor, a través dos canles virtuais que lle funcionen de acordo á zoa na que viva. Deste xeito, incluso pódense facer videochamadas, pois o obxectivo é chegar ao alumno e permitirlle aprender e estudar, por os medios que teña ao seu redor.

## 11. ACCION DE CONTRIBUCION AO PLAN TIC

Dende as clases de Relixión, contribuímos ao logro dos obxectivos do Plan TIC do Centro, mediante a realización de diversas acción cos nosos alumnos tales como:

- Uso dos ordenadores para a presentación de traballos coas aplicacións máis actuais, según os estudantes poidan facer uso deles.
- Uso de blogs que poidan ser vistos e consultados polos alumnos.
- Visitas a sitios web oficiais de Igrexa, a páxinas de contenido bíblico ou relacionadas co vo luntariado e o labor social da Igrexa.
- A rede móstrase como un instrumento valioso para coñecer a achega de Igrexa a nosa cul tura e o patrimonio artístico que a través dela podese ver.
- Visitas a portais católicos,para coñecer foros de opinión, blogs, e outros campos de comuna nación e expresión.

## 12. ACCION E CONTRIBUCION AO PLAN DE CONVIVENCIA

A materia de Religión Católica segue as Pautas do Plan de Convivencia do Centro, e as indicacións do Departamento de Orientación e Titorías; e ademáis trabajará constantemente aspectos propios da educación para a Paz, o respecto da Natureza, a solidariedade. e todos aqueles indicadores dunha programación en valores.

As accións que se enfatizan no traballo diario, son:

- Asistencia puntual e diaria ás clases.
- Asistencia ao Centro, cos materiais necesarios para as clases.
- Respecto para as persoas que teñen crenzas distintas, e pensan de xeito diverso.
- Actitude dialogante.
- Colaboración nas tarefas propostas en clase.
- Colaboración na modificación da conduta cando faga falta, e seguimento do mesmo.
- Rexeitamento pacífico de todo tipo de violencia.
- Respectar, compartir, escoitar ós compañeiros e a todo o persoal do centro.

- Rechazo a todo tipo de actitudes racistas e sexistas.
- Loitar por unha moderación no consumo, e moito énfasis no coidado da hixiene persoal.

## 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

Os obxectivos das actividades de este departamento son:

- Procurar unha relación entre alumnos que leve a unha maior autoestima persoal, inserción social e afecto.
- Animar ao traballo en equipo favorecendo a solidariedade e apreciando o valor do distinto.
- Facilitar a convivencia e integrar aos alumnos de distintas culturas.
- Completar a formación relixiosa, achegando aos alumnos á cultura, arte, e símbolos relixiosos do seu entorno.

As actividades realizaránse sempre en coordinación co Departamento de Educación Física a cargo de dito tema. A temporalización concreta, faise co Plan que se establece ao comezo do curso escolar, e que é aprobado polo Consello Escolar do Centro.

Moitas das actividades coordínanse en interrelación con outras actividades de outros depar tamentos. Nalgúns casos realizaránse as saídas en coordinación con outros centros, para un maior enriquecimento dos alumnos.

-Actividades Complementarias nas que o departamento pode participar, cando coiciden os horarios xa que se comparten centros:

- A celebración do Día da Biblioteca.
- A celebración do Samaín.
- A celebración do Magosto.
- A celebración e organización nos centros, do Nadal, e do Belén.
- A celebración do Día da Paz.
- A celebración do Entroido.
- A celebración do Día da Muller.
- A preparación para a Semana Santa, na clase de Relixión.
- A celebración dos Dias del Agua, da Terra, do Árbol, etc
- A celebración do Día do Lector.
- A celebración do Día das Letras Galegas.
- Finalización do curso e actividades relacionadas con elo.

-Actividades Extraescolares que poden levarse a cabo, dependendo da coordinación das actividades dos centros nos que trabajamos.

- Saídas a facer parte da ruta do Camino de Santiago, en concordancia cos profesores de outras materias, e intentando levar alumnos de ambos centros para traballar a con vivencia entre eles.
- Coñece a tua parroquia…é unha actividade que temos en mente facer, xa que moitos nenos da montaña non viven en aldeas grandes, senon espallados por a montaña e moi afastados da vida comunitaria e social.
- Visita guiada a Catedral de Lugo e explicación da súa importancia.
- Visita a un mosteiro cisterciense para coñecer esta realidade.

Estas actividades están sempre suxeitas a ser valoradas ao longo do curso para ser leva das a cabo, pois moitos departamentos teñen tamén outras propostas que teñen que valorarse para finalmente elixir a meior.

Neste curso escolar, dada a situación xerada pola pandemia do COVID19, non se proxectan facer actividades extraescolares, posto que xa o feito de traballar de forma Semi-Presencial e Non-Presencial, require un maior esforzo e dedicación por parte do alumnado e o profesorado, ademais de que o tema dos contaxios teñen que evitarse totalmente.

## 14. PLAN DE IGUALDADE

A traves do curso, e puntualmente nas temáticas a abordar nas clases, teránse en conta os puntos mais salientables do tema da Igualdade, como son a defensa das persoas maiores, e os seus dereitos, a loita contra a violencia de xénero, a eliminación da discriminación social, a defensa dos dereitos humanos, e a loita contra a discriminación por razons de sexo. Este traballo integraráse a través da temática e da metodoloxía plantexada anteriormente.

## 15. MODO DE PROVEER O DEREITO A EDUCACIÓN DO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA, DADO O CASO QUE SE PRESENTE ISTA SITUACIÓN:

No caso de ter alumnado que pola súa característica e lugar de vivenda, teña mal funcionamento de internet ou wifi, o Profesor poñerase en contacto co Xefe de Estudos, e buscará a maneira de imprimirlle ao alumno o material e levarllo ao cole, para que a Nai ou Pai ou alguén da súa familia, poidan recollelo e darllo ao alumno para que poida traballar. Isto permitirálle ao alumno, a aprendizaxe, e poderá estar tranquilo, pois da maneira que sexa, accederá ao estudo.3